

Proxecto de investigación

Variación anual da temperatura e salinidade da ría de ...

A temperatura da auga é un dato fundamental para os estudos oceanográficos. Aínda que o coñecemento da temperatura nun momento determinado pode ser interesante, normalmente é máis importante saber como cambia a temperatura ao longo do tempo. Ese será precisamente o noso tema de investigación. Imos analizar os cambios de temperatura e salinidade dunha ría, a que elixas, ao longo dos últimos tres anos.

1. Analizamos os recursos dos que dispoñemos e o problema.

Na seguinte páxina ([enlace](#)) podedes producir gráficos e táboas cos datos de temperatura e salinidade das estacións de seguimento dispoñibles en Galicia.

2. Buscamos información.

- a. De que depende a temperatura da auga costeira? Ten algunha relación co vento? E coa temperatura externa? Esperamos moito cambio de temperatura ou será igual ao longo do ano?
- b. De que depende a salinidade da auga costeira? Cambiará coas precipitacións?

3. Propoñemos unha hipótese de traballo.

Tendo en conta os datos da investigación previa, esperamos moita variación de temperatura e salinidade? Que meses esperamos que sexan máis fríos? E cando estará a auga máis salgada?


4. Realizamos un deseño de investigación para comprobala. Podemos obter os datos que necesitamos na aplicación de [Intecmar](#).



Na frecha vermella chegamos aos datos.

Pinchando sobre gráfica temporal obtemos os datos en forma de gráfica.

Nestes apartados decidimos o intervalo de tempo dos datos. O noso estudo será anual así que sacaremos unha gráfica por ano.



5. Resultados da nosa investigación. Canto varían a salinidade e a temperatura? Varían todos os anos igual?...

6. Redactamos un artigo co traballo realizado. (tes máis información no apartado do método experimental)

7. Expoñemos en clase o traballo de investigación.

Este deseño do proxecto de investigación non é máis que unha proposta.

Na túa man está modificalo para facelo o teu proxecto.